



**Concello de Vigo**  
SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 87/1102

## RESOLUCIÓN

### **RÉXIME DE SESIÓNS XUNTA DE GOBERNO LOCAL MES DE AGOSTO**

Por Resolución da Alcaldía de 17 de xuño de 2019, estableceuse o réxime de funcionamento da Xunta de Goberno Local, determinando a realización da sesión ordinaria da mesma os xoves non festivos.

O dito réxime de funcionamento contempla a posibilidade de modificar o día e a hora de realización das sesións, así como suspendelas, en Semana Santa, Nadal ou pola coincidencia con outros períodos festivos. Dada a proximidade do mes de agosto, durante o que por parte dos servizos administrativos disfrútase con maior intensidade do dereito ás vacacións, semella aconsellable acomodar o réxime de realización das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local a esta circunstancia durante o dito período, sen prexuízo da dispoñibilidade de realización, de ser o caso, de sesión extraordinaria ou extraordinaria e urxente, cando se atope debidamente xustificada.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Establecer que o réxime de realización da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria durante o mes de **agosto de 2019** contemplará tres sesións, as correspondentes **cos días 1, 8 e 29 de agosto**, sen prexuízo da dispoñibilidade de realización, de ser o caso, de sesión extraordinaria ou extraordinaria e urxente, cando se atope debidamente xustificada.

**Segundo.-** Comunicar esta Resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos, a través da súa inserción na Intranet.

**Terceiro.-** A presente resolución entrará en vigor no momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

**Cuarto.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

CCA/me.

DATA E SINATURA DIXITAL  
O ALCALDE-PRESIDENTE, ABEL CABALLERO ÁLVAREZ  
A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA

